

## Ficha informativa

### Curso de Socorrismo en Instalacións e Espazos Acuáticos Naturais no Concello de Miño

#### ✓ Destinatarios:

- Ter máis de 18 anos.
- Estar en posesión, como mínimo, do Título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria ou equivalente.
- Superar a proba práctica de acceso ao curso.
- Máximo de 15 alumnos/-as, e logo de ordenados segundo os tempos obtidos na proba de acceso.

#### ✓ Contidos:

#### MÓDULO FORMATIVO: CFES-IEAN – 1. PROBA ESPECÍFICA (120 horas)

Proba asociada «Combinada con aletas»:

- A persoa aspirante situada na banqueta de saída da piscina introdúcese na auga (de pé ou de cabeza, segundo a proposta do tribunal) e mergúllase ata o fondo da piscina (mínimo, 60 metros de profundidade).
- A continuación percorre en apnea prolongada unha distancia de 15 metros.
- Ascende á superficie e completa os primeiros 25 metros nadando a estilo libre.
- Posteriormente percorre 25 metros a estilo *crol* coa cabeza fóra, mantendo a visión fóra da auga, a orientación e a observación da contorna.
- Seguidamente realizará 50 metros a estilo braza.
- Despois de percorridos, porá as aletas situadas nun extremo do bordo do vaso manténdose en flotación dinámica.
- Despois de colocar as aletas percorre 50 metros nadando a estilo de costas.
- Segue 50 metros nadando a estilo *crol* e dáse por finalizada a proba.
- A totalidade da proba realizarase en menos de 5 minutos e 30 segundos.

#### MÓDULO FORMATIVO: CFES-IEAN – 2. PREVENCIÓN DE SITUACIÓNS DE RISCO E VIXILANCIA EN INSTALACIÓNS E ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS (20 horas)

#### MÓDULO FORMATIVO: CFES-IEAN – 3. INTERVENCIÓN E RESCATE EN INSTALACIÓNS E ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS (60 horas)

Unidade formativa 1: Técnicas de nado e condición física no rescate de persoas en instalacións acuáticas (10 horas).

Unidade formativa 2: Traslado e extracción de persoas en instalacións acuáticas (20 horas).

Unidade formativa 3: Técnicas de nado e condición física no rescate de persoas en espazos acuáticos naturais (10 horas).

Unidade formativa 4: Traslado e extracción de persoas en espazos acuáticos naturais (20 horas).

**MÓDULO FORMATIVO: CFES-IEAN – 4. PRIMEIROS AUXILIOS, ACTUACIÓN INICIAL EN EMERXENCIAS, REANIMACIÓN CARDIOPULMONAR, SOPORTE VITAL BÁSICO E USO DE DESFIBRILADORES EXTERNOS NAS INSTALACIÓNS E ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS (40 horas)**

Unidade formativa 1: Primeiros auxilios e actuación inicial en emerxencias nas instalación e espazos acuáticos naturais (35 horas).

Unidade formativa 2: Reanimación cardiopulmonar, soporte vital básico e uso de desfibriladores externos en instalacións e espazos acuáticos naturais (5 horas).

✓ **Temporalización e horarios:**

- Proba de acceso: Venres, 8 de marzo (equivalente a 120 horas)
- Desenvolvemento do curso: (120 horas)

Durante os meses de marzo (días 15, 16 e 17; 22, 23 e 24; 25, 26 e 27; 29, 30 e 31) e abril (días 5, 6 e 7; 12, 13 e 14; 19, 20 e 21)

Venres (de 17:00 a 21:00 horas), sábados e o luns, martes e mércores das vacacións de Semana Santa (de 10.00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas) e domingos (de 10:00 a 14:00 horas).

✓ **Lugares de impartición:**

Como Aula Polivalente para a formación utilizaráse a Aula de Formación da Casa do Pescador, situada no segundo andar.

En canto á Piscina Climatizada será na Piscina Municipal de Pontedeume.

Finalmente, o espazo acuático natural con zona de baño público será, preferiblemente, a Praia Grande de Miño.

✓ **Asistencia e diplomas finais:**

A asistencia ás clases e actividades é obrigatoria. As faltas que as/os alumnas/os acumulen deberán xustificarse debidamente.

A/o alumna/o que, por enfermidade ou algunha outra causa xustificada, perda máis do 10 % das clases do curso de formación será declarado/a non apto/a.

Ao rematar a acción formativa co resultado de Apto/a recibirán un diploma acreditativo, entre outros aspectos, coa relación das horas/módulos cursados, o código do expediente na AGASP, etc

✓ **Prezo:**

Xeral: 500,00 € (35,00 € iniciais para a proba de acceso)

Empadroados no Concello de Miño a 01/01/2024: 300,00 € (35,00 € iniciais para a proba de acceso)

✓ **Información:**

*Concello de Miño:*

Coa Axente de emprego e desenvolvemento local

☎: 981 782 659 / 981 784 405

✉: [promocioneconomica.emplo@concellodemino.gal](mailto:promocioneconomica.emplo@concellodemino.gal)

*Fessga:*

☎: 981 977 120

✉: [fessga@gmail.com](mailto:fessga@gmail.com)

✓ **Inscricións:**

Do 29 de xaneiro ao 06 de marzo de 2024 enviando a folia de inscrición coa fotografía tamaño carné, fotocopia do DNI, copia do título académico e resgardo bancario do importe da proba de acceso ao enderezo electrónico [fessga@gmail.com](mailto:fessga@gmail.com)